

MARILAR ALEIXANDRE: *Catálogo de velenos*

Colección Esquío de Poesía, Ferrol, 1999

XVIII Premio Esquío de Poesía 1998

O fallo da XVIII edición do Premio Esquío de Poesía (decano dos certames poéticos no noso país e un dos de maior prestixio polo alto nivel demostrado ó longo da súa traxectoria) desvelounos unha nova faceta creativa de Marilar Aleixandre. Así - cun magnífico prólogo de Pilar Pallarés-, o volume galardonado, *Catálogo de velenos*, abre unha fiestra no quefacer literario dunha autora xa abondosamente coñecida pola súa obra crítica e, sobre todo, narrativa e condúcea con paso firme cara o terreo do verso tras dos primeiros poemas publicados no voceiro do Batallón Literario da Costa da Morte, *Feros Corvos*, grupo do que forma parte.

Porén, *Catálogo de velenos* carece do carácter inxenuo inherente a unha primeira obra por canto a solidez acadada pola voz poética e a radical aposta no tema van unidas a unha intensa indagación de xinea filosófica capaz de desvelar as tramas de diferentes procesos vitais a través de maduras e lúcidas respostas. Neste sentido, o poemario estrutúrase en tres partes que conforman un todo no seu conxunto e onde se vai dando primacía a determinadas problemáticas. Así, "*o veneno na mazá*" céntrase no espiñento tema das relacións materno-filiais cando a nai adquire artes de madrastra e representa a antítese das aspiracións da filla. Pola contra, en "*o veneno no coitelo*" o conflito nace do cariz enganoso propio do amor visto a través das novas relacións familiares que trae aparelladas. E, finalmente, "*onde os alacrás*", confórmase como unha parte máis heteroxénea que vén completar (tras da mazá e o coitelo) o catálogo de velenos coa inclusión dun listado de substancias comúns: a faneca brava, a beladona, as ortigas, a cicuta, a tarántula, a víbora...

Se nas versións tradicionais do conto de Brancaneves, a mazá representaba o cambio máis importante da súa vida, o paso de nena a adulta, no poemario de Marilar Aleixandre a mazá confórmase en símbolo do conflito establecido entre unha nai que actúa, en moitas ocasións, como madrastra maligna e un eu poético a rebelarse contra do establecido, vendo no modelo materno a "*derrota do doméstico*" que tanto teme:

o ano antes de morreres

eu tiña vintecinco

estaba tan ocupada

en non ser coma ti

non criar sete fillos

borrar os esmaltes
de todas as uñas
escapar ós vincallos que tenden
as cuncas de café

A relación de forzas antagónicas nai-filla posta xa de manifesto no primeiro poema do libro, "*baixo as uñas*", marca toda a primeira parte do poemario por canto ese "*non ser coma tí*" define o modelo actuacional dun eu poético decidido a escapar tanto do falso engado tecido pola nai-madrasta arredor do mundo da casa como do veneno que a ameaza baixo forma de mazá, de pente ou de cazador. A necesidade de aguzar os sentidos ante o perigo lévaa a poñer en alerta o seu instinto de supervivencia, a conformarse en muller-ourizo, sacando a relucir as súas armas:

diagnóstico ou acusación
etiqueta no envase: jollo
esta é a que se mete cara a dentro!
para fóra só ensina as pugas

non deben facer así as nenas de sete anos
por moito menos
mandou a madrastra ó cazador
tíralle os sangomiños

A ameaza consolídase así como un estado de alerta permanente que estimula os reflexos durmidos do ser. Este deféndese con palabras e cunha sabiduría que emana dunha constante mirada crítica respecto do entorno exclusivo da nai. A frustración que se deixa entrever na figura da madrastra (pola perda da xuventude, polo contraste entre a súa capacidade intelectual e o mísero dominio que rexenta) ten unha destinataria directa: a filla. Para atraela ó seu engado, a madrastra pon en práctica todas as súas artes pero a filla non se permite sucumbir e vai desartellando os mecanismos desta dominación, tan falsos como o papel que a propia nai desempeña

tí non es a miña madrastra

lembra son a túa filla
non me tendas a mazá envelenada
quen che roubou a beleza non fun eu
o espello traidor non ha devolverche
a tersura da pel a altivez das cellas
(...)
pero a que preocuparse
está chegando o día
en que subirá por si propia ata os teus labios
a mazá envelenada

O veleno escondido na mazá ten o amargor do fracaso e desde o inicio dos tempos, a través das xineas matriliñais, irase transmitindo inconscientemente de nais a fillas a vacina contra os ataques da vida imposta á muller. A través dun elemento en aparencia inócuo e doce como é a mazá, impregnado dunha cantidade de veleno non mortal pero si inmunizadora, espértase o instinto de supervivencia nas novas xeracións aínda a custe de quebrar os lazos maternos-filiais. Eis o que o eu poético deduce na súa pescuda respecto ó proceder da nai:

daquela non sabía
que o teu sangue callou
nesa terra que teño baixo as uñas
que a ti debía
as pugas que agromaban que
tamén levo por baixo das uñas
restos da túa tinta
que acabaría usurpando o teu nome

non sabía que fuches ti quen me educou
contra ti mesma

Unha vez acadado un espacio propio, tras superar a proba iniciática da mazá, o ser deberá enfrontarse a unha nova ameaza, a de "*o veneno no coitelo*". Desta vez desaparece a figura inductora e é o propio eu poético quen se aproxima ó perigo sen sabelo asumindo unha relación de parella que deixa de ser biunívoca cando, xunto co amante, chega a familia política cos coiteiros afiados e os venenos insípidos, indetectables na súa morbilidade escondida:

*entraches na miña casa
traendo os teus coiteiros afiados
e detrás un por un
entrou a familia veneno insípido
para quedar*

O espacio impenetrable e feroz do círculo familiar, "*marca do coitelo no teu brazo/ pegada de terra nas uñas*", constitúe unha nova fonte de conflitos que acaban convertendo ó ser na "usurpadora", na estranxeira que o acapara todo nunha imparable conquista. Unha nova proba agarda ó ser e debe superala en solitario pois o amante, elemento nivelador entre o eu poético e a familia allea, fica nun estadio de inconsciencia prolongada, móvese en terreos lonxanos e próximos á morte. Así, o coitelo acada un dobre gume: o de perder ó ser amado e o de superar a proba da pertenza ó clan tras probar a compatibilidade de sangues:

*Distinguir o sinal entre o balbordo
dos ruídos. Sobre o gume do coitelo
a pinga de veneno certifica
a harmonía dos sangues, a pertenza
ó impenetrable círculo feroz.*

Para eludir esta nova ameaza, o ser ármase coa palabra, co canto, aínda que este sexa froito imperfecto dunha lingua gallada. Así, se da primeira proba iniciática, o eu saía fortalecido co don da escrita, con esta segunda chega á arte da palabra para acalar o "*coro dos venenos*" e impoñer a súa propia orde no caos antes que asumir a harmonía dos de fóra.

*Canta: ti podes. Tes na lingua a marca
do coitelo ou da serra, a queimadura,
o coro dos venenos non dá tregua.
Antes de que a orde impoña o seu silencio
os velenos darán memoria ó caos.*

Superadas definitivamente as tarefas encamiñadas á formación do eu poético nos campos íntimo e colectivo, a terceira parte do poemario, "*onde os alacrás*", asume a heteroxeneidade propia dun verdadeiro catálogo de velenos onde -tras tratar minuciosamente os dous primeiros, principais e mortíferos- chega o turno das substancias pezoñentas con menor poder letal. Así, o bambú que se torna de cana en barrote, a faneca brava coas súas espiñas, as herbas alucinóxicas (beladona), os pequenos animais (tarántula, víbora, alacrán) e as substancias tranquilizantes (cianuro, estricnina) conforman un inventario de elementos duais na súa dobre condición de menciñas ou velenos.

*as herbas que procuro medran
só no máis profundo
á sombra húmida dos autobuses
destilan medicinas ou velenos
-cuestión de cantidade-*

A inocuidade depende do bo ou mal uso destas substancias e aquí entra en xogo a medida e sabiduría de quen as manipula que acada así un poder absoluto sobre a vida dos demais e sobre a súa propia por canto debe saber graduar a cantidade precisa para os seus fins. Agora os velenos son administrados por propia man e non só se utilizan como arma defensiva senón que, nun xogo macabro, ás veces empréganse a xeito de inductores da escrita. Así é de ambigua a acción de beber en "*negociando poemas*":

*e despois de beber a medias
a macela ou o veneno*

aínda rescato unhas palabras empapadas

do fondo da cunca

para prendelas no arame

un día de vento

Este *Catálogo de velenos* acaba sendo un tratado de armas secretas: as dun ser que "*como Casandra/ non sei vivir sen falar*" e cifra a resistencia do eu perante as probas iniciáticas que tivo que enfrontar na asunción da súa propia identidade. Finalmente, tras negarse a morder a mazá e tras esquivar os coitelos, fica exposto a outras ameazas menores. Xamais saberemos se a súa cunca contén a sedante macela (cun efecto parello á catarse pola palabra) ou o veneno mortal, se a dose será quen de inducir ó eu poético nun estadio de introspección ou no soño definitivo. Non importa, o xogo da vida continúa.

TERESA SEARA

Anuario de Estudios Literarios Galegos, [8], 1999, pp. 253-256.